

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O artigo 25 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde dispón que, nos procesos de selección de persoal estatutario fixo, reservarse, con carácter xeral, para promoción interna, a seguinte porcentaxe das prazas convocadas:

- A) 25 por cento.
- B) 30 por cento.
- C) 45 por cento.
- D) 50 por cento.

2. Das seguintes, elixa que opción NON está comprendida no réxime xeral de situacións regulado na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia voluntaria incentivada.
- D) Suspensión de funcións.

3. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Os postos de xefatura de servizo de atención especializada, proveranse mediante un proceso de selección:

- A) De libre disposición se o posto require dedicación exclusiva ás funcións de xefatura.
- B) Baseado na avaliación do currículo profesional e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.
- C) De concurso de méritos.
- D) Baseado no resultado de un concurso de traslados específico.

4. De conformidade coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, os/as delegados/as de prevención serán designados/as:

- A) Polo persoal en votación directa e secreta.
- B) Pola dirección da empresa.
- C) Por e entre os/as representantes do persoal.
- D) Por sorteo, entre os traballadores e as traballadoras que se presenten voluntariamente.

5. Cal dos seguintes principios NON se recolle na Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, como principio de organización e funcionamento do Sistema de Saúde?

- A) Eficacia.
- B) Celeridade.
- C) Rendibilidade.
- D) Flexibilidade.

6. A Lei de Saúde de Galicia, no seu artigo 92, establece que o Servizo Galego de Saúde configúrase como:

- A) Unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade.
- B) Unha sociedade pública sanitaria.
- C) Unha entidade instrumental sen personalidade xurídica propia.
- D) Un organismo autónomo de natureza administrativa.

**7. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, é unha función do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A promoción da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.
- B) A elaboración e desenvolvemento dos programas sanitarios do Servizo Galego de Saúde. A avaliación dos devanditos programas realizárase directamente a Consellería de Sanidade.
- C) A introdución de novas técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos, sen necesidade de avaliar previamente o custo e impacto desde o punto de vista bioético.
- D) A prestación directa de asistencia sanitaria exclusivamente nos seus propios centros, servizos e establecementos.

**8. Sinale a opción correcta. O persoal estatutario dos servizos de saúde ostenta o seguinte dereito, segundo o disposto no seu Estatuto Marco (Lei 55/2003, do 16 de decembro):**

- A) Á estabilidade no emprego e ao exercicio ou desempeño efectivo da profesión ou funcións que correspondan ao seu nomeamento, así como calquera outra función asignada polo centro segundo as necesidades do servizo.
- B) Ao descanso necesario mediante as vacacións periódicas retribuídas e permisos nos termos que se establezan, pero en ningún caso a limitación da xornada laboral.
- C) Informar debidamente, de acordo coas normas e procedementos aplicables en cada caso aos usuarios, usuarias e pacientes, sobre o seu proceso asistencial.
- D) Á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional, na forma en que prevexan as disposicións en cada caso aplicables.

**9. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:**

- A) É propiedade do paciente.
- B) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) Debe ser entregada al paciente tras cada episodio asistencial.
- D) Debe incluír o médico ou profesional responsable.

**10. A Constitución Española de 1978, no seu artigo 29, recoñece o dereito de petición a:**

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional, alomenos nos dous anos anteriores.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional, alomenos nos dous anos anteriores.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

**1. O cargo de presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde osténtao:**

- A) O/A presidente/a da Xunta de Galicia.
- B) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade.
- D) O/A xerente do Servizo Galego de Saúde.

**2. Indique cal dos seguintes dereitos se encadra dentro dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución Española:**

- A) A protección da saúde.
- B) O segredo das comunicacións telefónicas.
- C) A obxección de conciencia.
- D) Todas son correctas.